

Rexistro Auxiliar U.X.A. Campus Vida  
Saída Nº: 2900  
Data de saída: 14/05/10

Rematado o prazo previsto de presentación de alegacións contra as listas provisionais, publicadas o día 20 de abril de 2010, da **Convocatoria de axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos para o alumnado matriculado nos programas de doutoramento do Real Decreto 778/1998 (Terceiro Ciclo)** e, unha vez revisadas estas,

**O VICERREITOR RESOLVE:**

**PRIMEIRO:** Co obxecto de dar cumprimento ao punto 3 da base oitava da dita convocatoria, facer públicas as **listas definitivas** de:

- 1- **Solicitantes admitidos**, con indicación da puntuación media final obtida, segundo figura no **Anexo I**.
- 2- **Solicitantes en lista de agarda**, con indicación da puntuación media final obtida, segundo figura no **Anexo II**, para o caso de que se produzan renuncias ás bolsas concedidas.
- 3- **Solicitantes excluídos**, coa mención da causa de exclusión, segundo figura no **Anexo III**.

**SEGUNDO:** Para dar cumprimento a base novena da convocatoria a cada beneficiario, que **ata o día 25 de maio** non renuncie expresamente á bolsa, aboaráselle o importe da mesma no número de conta bancaria que fixo constar na solicitude.

**TERCEIRO:** De acordo coa base duodécima da convocatoria, a concesión desta bolsa é incompatible con calquera outra axuda, bolsa, etc... que obteña o solicitante de calquera administración ou entidade pública ou privada, polo que, no caso de obtela, debера comunicalo á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado antes do pagamento desta axuda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este órgano, sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010

**O VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E  
ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR**  
(P.D., do 31 de xullo de 2007)



**Máximo Pló Casasús**